



Sagrado
Corazón
de
Jesús
Castiñeiras



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

MANIFESTO DÍA DA PAZ E A NON VIOLENCIA ESCOLAR

Co desexo de sentírmonos irmáns e continuar facendo diálogo, reflexión e camiño conxunto, desde o Colexio Sagrado Corazón de Jesús, queremos seguir promovendo entre todos unha educación para a paz.

A paz é moito máis que a ausencia de guerras, é o camiño que ten que recorrer e ir construíndo cada persoa no seu corazón ata sentir que todas as persoas que nos rodean son irmáns.

Xuntas e xuntos podemos facer a paz nunha tarefa que cada persoa levará a cabo consigo mesma, cos seus semellantes e co planeta.

RECOÑECEMOS QUE:

A paz non é só un día de xaneiro, a paz trabállase día a día. Todos nós traballamos para convivir en PAZ cada día nos nosos centros escolares e nas nosas familias. Traballamos compartindo espazo, materiais e recursos e contribuímos ao benestar de todos e todas coa nosa actitude de colaboración e poñendo de manifesto nas nosas actuacións, valores como a xustiza, a igualdade, a comprensión e o respecto aos demais.

A paz consiste en derribar os muros da incomunicación, o illamento, o desprezo e o abandono ao que se ven sometidas moitas persoas próximas a nós, no noso entorno, no traballo, na rúa... ao lado de nosa casa.

É posible cambiar o mundo se cada un de nós contribúe desde a súa realidade.

COMPROMETÉMONOS A:

- Respetar a vida e a dignidade de cada persoa sen admitir discriminación nin prexuizos.
- Rexeitar a violencia en todas as súas formas: física, sexual, psicolóxica, económica e social.
- Favorecer a inclusión social : cultivando a xenerosidade , opoñéndonos a calquera tipo de exclusión social e potenciando a diversidade cultural como riqueza humana.
- Preservar o planeta, promovendo un consumo responsable e o equilibrio dos recursos naturais do mesmo.

E por último, a FACER VISIBLE A PAZ, contando e poñendo de manifesto as boas relacións entre as persoas do noso centro e todas as boas accións que realizamos acotío porque así serviremos de modelo para as xeracións vindeiras.